



## CONVENIO DE AXUDAS DE EMERXENCIA SOCIAL DO CONCELLO DE CERVO

En Cervo a 8 de novembro de 2021.

Dunha parte, Jose Luis Fidalgo Varela con DNI nº 35.623.812 D, en calidade de solicitante dunha axuda de emerxencia social.

De outra parte, Alfonso Villares Bermúdez, en calidade de alcalde-presidente do Concello de Cervo, que actúa en nome e representación do mesmo en virtude das competencias recoñecidas polo artigo 21 da Lei reguladora das bases do réxime local.

### EXPOÑEN

PRIMERO: Que o Concello de Cervo, no exercicio das súas competencias recollidas nos artigos 25 e 28 da Lei reguladora das bases do réxime local, está interesado en conceder unha subvención directa de carácter excepcional como axuda de emerxencia social a Jose Luis Fidalgo Varela co fin de dar resposta urxente a unha necesidade básica puntual xerada pola existencia dunha débeda coa comunidade onde reside por gastos vinculados ao uso da súa vivenda habitual.

SEGUNDO: Que Jose Luis Fidalgo Varela, solicitou do Concello de Cervo unha axuda económica de emerxencia social para a cobertura da débeda coa comunidade onde reside por gastos vinculados ao uso da súa vivenda habitual.

En base ao anteriormente exposto, o Concello de Cervo e Jose Luis Fidalgo Varela asinan o presente convenio de axuda de emerxencia social coas seguintes

### CLAUSULAS

Primeira.- O presente convenio ten por obxecto regular a subvención directa de carácter excepcional como axuda de emerxencia social a Jose Luis Fidalgo Varela co fin de dar resposta urxente a unha necesidade básica puntual xerada pola existencia dunha débeda coa comunidade onde reside por gastos vinculados ao uso da súa vivenda habitual.



# Concello de Cervo

27891 CERVO (Lugo) - Tfno.: 982 55 77 77 - Fax: 982 55 77 29 - C.I.F.: P-2701300-B

Segunda.- O Concello de Cervo achegará, en concepto de subvención directa de carácter excepcional como axuda de emerxencia social, a cantidade de 1.240 € con cargo á partida 231/48000, para a cobertura da débeda coa comunidade onde reside por gastos vinculados ao uso da súa vivenda habitual.

Terceira.- Vista a autorización de pago directo polo Concello á comunidade de veciños, se considera xustificada a subvención pola realización deste pago.

Cuarta.- O pago da subvención realizarase previa xustificación dos gastos de conformidade co establecido na cláusula terceira.

Quinta.- Serán causas de resolución do presente convenio e darán lugar, no seu caso, á devolución das cantidades percibidas:

- O incumprimento de calquera das cláusulas establecidas no mesmo.
- A aplicación dos fondos outorgados para fins distintos dos previstos no presente convenio.
- A falta de xustificación da subvención concedida.

Sexta.- Este convenio terá vixencia ata a completa execución e xustificación da axuda e, en todo caso, a súa vixencia non se estenderá máis alá do 31 de decembro e 2021.

Sétima.- O Concello de Cervo resérvase as facultades de efectuar cantas actuacións de seguimento, vixilancia e control da execución do presente convenio considere convenientes.

En proba de conformidade cos termos do convenio ámbalas dúas partes asinan o presente convenio no lugar e data indicados no encabezamento.

O alcalde

Jose Luis Fidalgo Varela  
DNI: 35.623.812D



Alfonso Villares Bermúdez